



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2021/2022)

Departamento: Servizos Sociais
Expte.: 2021/13

Vistas as bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar (curso 2021-2022) asinadas pola concelleira de servizos sociais no CIVIDAS con data 01/07/2021, esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar (curso 2021-2022), co texto que se insire a continuación:

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2021-2022)

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de axudas ou subvencións para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar no curso escolar 2021-2022), estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LXS), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA

O Concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, procede a ditar as bases necesarias para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar para o curso 2021-2022.

2. OBXECTO DAS AXUDAS

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas ou subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos de educación infantil coa finalidade de adquirir libros de texto e/ou material escolar necesarios para o curso 2021-2022.

3. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias das axudas aquelas unidades familiares que estean empadroadas no concello de Nigrán, residan neste termo municipal de xeito efectivo, e teñan fillos/as matriculados/as en centros públicos do municipio que cursen educación infantil no curso 2021-2022.

En calquera caso estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

4. REQUISITOS

1. Para poder optar ás axudas é requisito indispensable que os ingresos económicos da unidade familiar se axusten ao seguinte baremo, tendo en conta os ingresos da unidade familiar no ano 2020.

Nº de membros da unidade familiar	Ingresos netos
Familias de 2 membros	20.336,40 €
Familias de 3 membros	25.985,40 €
Familias de 4 membros	31.634,40 €
Familias de 5 membros	39.543,00 €
Familias de 6 membros	48.016,50 €
Familias de 7 membros	55.925,10 €
Familias de 8 membros	63.833,70 €
Familias de 9 ou máis membros	71.742,30 €

Aos efectos anteriores, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos solteiros do solicitante menores de 25 anos que conviven no domicilio familiar ata a data de aprobación das presentes bases.

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2020.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

2. A efectos do cómputo de ingresos teranse en conta os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, etc.

Computarán por dous cada un dos membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez

3. No caso de familias numerosas computaráselle un membro a maiores dos existentes na unidade familiar.

4. Dos ingresos medios mensuais descontaranse os gastos de alugueiro e hipoteca da vivenda habitual ata un máximo de 300 €/mes

5. Tendo en conta a natureza destas axudas sociais e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 da LXS, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

6. Os solicitantes non poderán ser beneficiarios doutras axudas, subvencións ou ingresos que teñan a mesma finalidade.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

5. GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DAS AXUDAS

As axudas deberán adicarse á adquisición de libros de texto e/ou material escolar necesarios para os/as beneficiarios/as descritos/as no apartado correspondente. A contía da axuda será de 65 € por cada neno/a matriculado/a en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2021-2022.

6. ORZAMENTO

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 5.000 euros, con cargo á partida 231.226.9907 do Orzamento prorrogado para o 2021.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do rexistro xeral municipal ou por calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles dende o día seguinte á publicación destas bases de conformidade co establecido na LXS

3. Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta no modelo normalizado incluído como **Anexo I** das presentes bases

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

4. Coa solicitude achegarase a documentación que se sinala:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella
- b) Fotocopia do libro de familia completo
- c) Fotocopia do IRPF do 2020 ou no seu defecto certificado negativo expedido pola Axencia Tributaria. No caso de non quedar suficientemente xustificadas os ingresos da unidade familiar, fotocopia da documentación necesaria para a comprobación dos datos económicos (vida laboral, nóminas, certificado de pensións, certificado de prestacións, rendas, declaracións trimestrais no caso de autónomos, etc.)
- d) Fotocopia do título de familia numerosa
- e) Fotocopia do certificado do grao de discapacidade
- f) No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza ou convenio regulador
- g) De ser o caso, recibo e contrato de aluguer, ou recibo da hipoteca da vivenda habitual

8. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

1. A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva, coa advertencia de que, de non facelo, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución oportuna.

2. As axudas adxudicaranse a aquelas unidades familiares que acrediten reunir os requisitos establecidos no aptdo. 4º das presentes bases, cos límites de importe establecidos, ata o esgotamento da partida orzamentaria adicada a esta finalidade. Se o número de solicitudes supera no seu importe total o da partida orzamentaria,





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

darase prioridade ás solicitudes con menor nivel de renda. Os empates resolveranse a favor de quen primeiro presentase a solicitude.

9. PAGO DA AXUDA

1. O importe da axuda será de 65€ por cada neno/a matriculado/a en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2021-2022
2. Con carácter xeral, o pago da axuda realizarase mediante a entrega ao/á beneficiario/a da resolución de alcaldía por importe de 65€ por cada alumno/a. A resolución de alcaldía poderá canxearse por libros de texto/e ou material escolar en calquera das librerías participantes no programa ou nos centros escolares, no caso de que sexan estes os que subministren os libros/e ou material escolar aos/ás alumnos/as.
3. As librerías que participen no programa deberán achegar ao Concello o conxunto das resolucións recibidas, xuntando facturas correspondentes aos libros realmente adquiridos polos beneficiarios con cargo a cada unha desas resolucións de alcaldía. A tal efecto, as facturas que se acheguen cumprirán os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, ou outros xustificantes ou documentos con valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa. Igualmente, as facturas deberán estar desglosadas de xeito que podan identificarse os libros de texto/e ou material escolar adquiridos e os seus respectivos importes.
4. Cando os/as beneficiarios/as adquirisen os libros/e ou material escolar directamente nos centros escolares, os ditos centros presentarán as resolucións de alcaldía entregadas polos beneficiarios, así como un xustificante debidamente asinado onde se recollerá a identificación do/a pai/nai/titor, o alumno/a, os importes e os conceptos debidamente desglosados.
5. A documentación xustificativa deberá presentarse nos dous meses posteriores á entrega das resolucións de alcaldía aos/ás beneficiarios/as, no rexistro xeral municipal ou a través de calquera outra das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

10. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos/as beneficiarios/as da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro ao Concello das axudas aboadas.

11. VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2020, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.



**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ANEXO I**AXUDAS PARA A COMPRA DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL
ESCOLAR – CONCELLO DE NIGRÁN****CURSO 2021-2022**

DNI	Nome e apelidos	Teléfono			
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Nome da rúa, praza, etc		Número	Piso	Porta	Código Postal
Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico		

DIGO:

1. Que declaro baixo a miña responsabilidade que reúno os requisitos recollidos nas bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto (curso 2021-2022).

2. Que teño a intención de solicitar a axuda mencionada para os seguintes alumnos:

ALUMNO/A Nº 1

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante
Centro escolar para o curso 2021-2022	Curso académico	

ALUMNO/A Nº 2

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante
Centro escolar para o curso 2021-2022	Curso académico	

ALUMNO/A Nº 3

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante
Centro escolar para o curso 2021-2022	Curso académico	





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

3. Que, de conformidade coas bases mencionadas, declaro que a composición da unidade familiar é a seguinte:

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS (Non incluír aos nenos/as para os/as que se solicita axuda)				
Nome e apelidos	Data de nacemento	Parentesco co solicitante	Concepto ingresos (traballo, pensión, RISGA, desemprego...)	Sinatura

4. Que para que se poda tramitar a solicitude de axudas, achego a seguinte documentación:

- ☐ Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella
- ☐ Fotocopia do libro de familia completo
- ☐ Fotocopia do IRPF do 2020 ou, no seu defecto, certificado negativo expedido pola Axencia Tributaria. De ser o caso, calquera outra documentación necesaria para a comprobación dos datos económicos
- ☐ Fotocopia do título de familia numerosa
- ☐ Fotocopia do grao de discapacidade
- ☐ No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza ou convenio regulador
- ☐ De ser o caso, recibo e contrato de aluguer, ou recibo da hipoteca

5. Que autorizo ao Concello de Nigrán a obter doutras Administracións e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- ☐ Si
- ☐ Non

Visto canto antecede,

SOLICITO que se me conceda a axuda para compra de libros de texto (curso 2021-2022) para os alumnos indicados no apartado correspondente.

Nigrán, _____ de _____ de 2021

Sinatura _____

Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

